



Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI0539	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/16540/2026 26/08/2026
Código de verificación  5X6R 6J4N 493H 6T08 0F9B	Expediente 741/2026/1665	
	Fecha 26-08-2026	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI04LH de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 11.08.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 31.07.2026 (BOP 147 de 5 de agosto) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: DECLARAR a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 179, departamento 1º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a José Esteban Abeledo Fernández e Josefina Abeledo Fernández, polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 12 de maio de 1996; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

SEGUNDO: INSCRIBIR a nome do Concello da Coruña o nicho sinalado co número 179, departamento 1º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro.

Os restos existentes na instalación funeraria serán trasladados ao osario municipal, consonte ao establecido no artigo 21.2 g) do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feans-Mesoiro, se vostede non solicita a exhumación no prazo de 15 días naturais a contar a partir da notificación da presente resolución.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia Mª Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente
Por delegación da Xunta de Goberno Local do 31.07.2026 (BOP 147 de 5 de agosto)